

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE BIOLOGÍA E XEOLOXÍA

Cursos 1º, 3º ESO, 4º ESO BIOLOGÍA E XEOLOXÍA, CULTURA CIENTÍFICA

CPI CERNADAS DE CASTRO. LOUSAME
Curso 2021-2022

PROFESORA DO DEPARTAMENTO

LUCÍA GARCÍA MÉNDEZ (XEFE DE DEPARTAMENTO)

BIOLOGÍA E XEOLOXÍA (1º, 3º e 4º de ESO)
CULTURA CIENTÍFICA (4º)

TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN E CONEXTUALIZACIÓN.....	3
OBXECTIVO XERAIS.....	4
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA(1^ºESO):	
- BLOQUES DE CONTIDOS.....	6
-MÍNIMOS ESIXIBLES.....	13
-ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	17
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	21
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN/CONCR.METOD/DISTINTOS ESCENARIOS DE ENSINANZA.....	23
- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS,PLAN LECTOR,USO DAS TIC.....	24
-DIVERSIDADE E RECUPERACIÓN.....	25
- EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	26
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA(3^ºESO):	
- BLOQUES DE CONTIDOS.....	26
- MÍNIMOS ESIXIBLES.....	34
- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	41
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	44
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	47
- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS/DISTINTOS ESCENARIOS.....	48
- PLAN LECTOR,USO DAS TIC,MATERIAIS.....	49
- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE,RECUPERACIÓN.....	50
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	51
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA(4^ºESO):	
- BLOQUES DE CONTIDOS/APRENDIZAXES NON ADQUIRIDOS.....	52
- MÍNIMOS ESIXIBLES.....	60
- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	67
- PRCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	71
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN/DISTINTOS ESCENARIOS.....	76
- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	76
- PLAN LECTOR,USO DAS TIC,MATERIAIS.....	78
- ATENCIÓN A DIVERSIDADE,PLAN RECUPERACIÓN.....	79
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	81
CULT.CIENTIFICA (4^ºESO):	
-BLOQUES DE CONTIDOS.....	82
-MÍNIMOS ESIXIBLES.....	89
-ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	96
-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	98
-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	103
-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	103
-PLAN LECTOR ,USO DAS TIC,MATERIAIS.....	104
-ATENCIÓN ÁDIVERSIDADE E RECUPERACIÓN.....	105
-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	106
EDUCACIÓN EN VALORES.....	107
REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	108
NECESIDADES DE APOIO EDUCATIVO.....	110

INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN:

O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame, no lugar da Silva. É un municipio de 93,2 kilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia con unha poboación distribuída en 83 entidades. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza. Consta de 7 parroquias: Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilacoba. Todos estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%. Composición do departamento: a seguinte programación didáctica para Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3ºE 4ºESO de ESO foi elaborada polo xefe de departamento de bioloxía para o curso 2021-2022.

Marco normativo

As actividades realizadas enmárcanse na normativa vixente:

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE)

Real Decreto 806/2006, do 5 de xullo, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación educativa, regulada pola LOE.

Decreto 133/2007, de 5 de xullo que regulará os currículos da ESO.

Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.

Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 21 de decembro do 2007 polo que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde de 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro do 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 4/2011, de convivencia e participación da Comunidade Educativa de Galicia.

Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria Orde do 28 de agosto de 1995 (BOE 20/09/95)

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.

Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Orde do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/2016 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, que establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación secundaria obligatoria. (BOE 29 de enero de 2015).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29 de xuño de 2015)

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29 de xullo de 2015)

Resolución do 17 de Xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.

Implántase o novo currículo establecido pola LOMCE e o Decreto 86/2015 para os cursos 1º, 3º de ESO, e 4 ESO. A LOMCE establece que a etapa de educación secundaria obrigatoria abrangue dous ciclos, o primeiro con tres cursos escolares, e o segundo con un. Estes catro cursos seguiranse ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos de idade. O segundo ciclo, ou cuarto curso, da educación secundaria obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico. A etapa de educación secundaria obrigatoria organízase en materias que, á súa vez, se organizan en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

O novo currículo establece un primeiro curso no que a materia xeral Bioloxía e Xeoloxía do bloque de asignaturas troncais tratará sobre os seres vivos e a súa interacción cos materiais da Terra. Impartiranse catro sesións semanais. No terceiro curso a materia xeral Bioloxía e Xeoloxía, do bloque de asignaturas troncais trata dous sistemas, o corpo humano e o ecosistema. O estudo da estrutura e función do corpo humano desde un enfoque de educación para a saúde, onde o estudo dos aparellos se abordará desde unha perspectiva globalizadora e integradora destacando a importancia de condutas e hábitos saudables dando a coñecer as novas perspectivas no ámbito do tratamento da enfermidade e nas súas diferenzas no mundo globalizado. Respecto ao estudo do ecosistema, abordaranse os temas desde unha perspectiva integradora e globalizadora da interacción e interdependencia das persoas e o medio para rematar coa actividade xeolóxica debido á enerxía externa na Terra, enmarcado dentro dun planeta dinámico. Impartiranse dúas sesións semanais. A atención á diversidade do alumnado implicará diversas medidas ordinarias e extraordinarias. No centro continúa o segundo curso do programa de diversificación xa comenzado e, de acordo co novo currículo, estableceranse programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento de dous anos como medida extraordinaria para conseguir os obxectivos e competencias clave da etapa e o título de graduado en educación secundaria obrigatoria naqueles casos nos que as medidas ordinarias son insuficientes.

Como se propón na memoria do curso anterior incorpóranse novas actividades que, dentro do posible, empregan novas tecnoloxías e incrementanse os recursos para avaliar competencias. Así mesmo seguirase intentando potenciar as tarefas de argumentar as respostas a cuestións científicas.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais da etapa (LOMCE)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento

persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Introdución

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante estas etapas perséguese asentarse as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Durante o primeiro ciclo da ESO, o eixe vertebrador da materia xirará en torno aos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo nomeadamente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos. Tamén durante este ciclo, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que o alumnado adquira as capacidades e as competencias que lle permitan coidar o seu corpo a nivel tanto físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico. Preténdese tamén que os alumnos e as alumnas entendan e valoren a importancia de preservar o ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde. Así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e das consecuencias que estas teñen na súa saúde e no contorno, e comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Neste primeiro ciclo, o bloque "Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica" e o bloque "Proxecto de investigación" son comúns a primeiro e a terceiro de ESO. Dado que a bioloxía e xeoloxía son disciplinas de carácter científico, debemos ter sempre eses bloques como marco de referencia no desenvolvemento do currículo. Non se trata, por tanto, de bloques illados e independentes dos demais, senón que están implícitos en cada un deles e son a base para a súa concreción.

En Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de ESO, o currículo parte do mundo macroscópico, máis concreto, observable e identificable polo alumnado (como a Terra no Universo, a biodiversidade no planeta Terra e os ecosistemas), para se achegar en terceiro de ESO a un nivel máis abstracto (estudo microscópico da célula, o ser humano e a saúde, o relevo terrestre e a súa evolución).

Finalmente, en cuarto curso de ESO iníciase o alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia (a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución), para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas.

No bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía afonda nas competencias adquiridas en ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

A xeoloxía toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, na estrutura e na dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias (expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, etc.) e finalizar co estudo da xeoloxía externa.

A bioloxía preséntase co estudo dos niveis de organización dos seres vivos (composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais). Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e a organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e da adaptación ao medio en que habitan.

Ao longo das etapas de ESO e bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias esenciais que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico. Entre estas competencias haberá que considerar a lingüística e a dixital, a través da realización de tarefas en grupo que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións e defender as opinións propias en debates na aula. Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

En adición ao anterior e debido aos grandes retos biotecnolóxicos actuais, a materia de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter, no seu tratamento metodolóxico, un carácter eminentemente práctico, baseado na realización de variadas e adecuadas tarefas experimentais, adaptadas a cada nivel, que permitan ao alumnado alcanzar as destrezas necesarias no manexo de material de laboratorio, microscopios, material de campo, recollida de mostras, resolución de problemas e todos os que lle permitan afrontar no futuro estudos científicos coa formación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Para alcanzar estes obxectivos ao longo do currículo preséntanse actividades de laboratorio e manexo de modelos baseados nas novas tecnoloxías, que se engaden á formación teórica que se recolle nos contidos.

Xa que logo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía en ESO e en bacharelato ha permitir que os alumnos e as alumnas adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA :1º ESO

BLOQUES DE CONTIDOS:

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN:

1º TRIMESTRE: 1 e 2

2º TRIMESTRE: 3

3 TRIMESTRE: 4 e 5

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes. 	<p>propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. ▪ B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CAA
Bloque 2. A Terra no universo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Componentes do Universo. ▪ B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus componentes. ▪ B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Expór a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.2.1. Recoñece os componentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Os planetas no Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B2.6. O planeta Terra: características.	▪ B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	▪ BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	▪ B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	▪ BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	▪ CMCCT
			▪ BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	▪ B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	▪ BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	▪ CMCCT
			▪ BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	▪ CMCCT
▪ f ▪ g ▪ n ▪ ñ	▪ B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. ▪ B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.	▪ B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciais.	▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	▪ CCEC
			▪ BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	▪ CSC
▪ f	▪ B2.11. A atmosfera: composición e estrutura.	▪ B2.8. Analizar características e a	▪ BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	▪ CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.	composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b e f g m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> f m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. B2.15. Ciclo da auga. B2.16. A auga como recurso. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a f g m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.17. Xestión sustentable da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> f m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en 	<ul style="list-style-type: none"> CSC

Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		as augas doces e salgadas.	relación coas actividades humanas	
▪ f	▪ B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	▪ B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	▪ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	▪ CMCCT
Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra				
▪ f ▪ l ▪ m	▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ▪ B3.3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	▪ B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	▪ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	▪ CCEC ▪ CMCCT
▪ f	▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ▪ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	▪ B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	▪ BXB3.2.1. Identifica e reconece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	▪ CMCCT
▪ f ▪ m	▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ▪ B3.3. Reinos dos seres vivos.	▪ B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	▪ BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	▪ CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.			
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas. ▪ B3.5. Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
▪ f ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relación coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
▪ g ▪ l ▪ ñ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			animais propios dos ecosistemas galegos.	
Bloque 4. Os ecosistemas				
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. ▪ B4.2. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. ▪ B4.3. Ecosistemas acuáticos. ▪ B4.4. Ecosistemas terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. ▪ B4.6. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Accións que favorecen a conservación ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.3.1. Selecciona accións que prevenen a destrución ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 5. Proxecto de investigación				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Biología e Xeoloxía 1ºESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	CCL,C MCCT	Empregar os termos científicos estudados en cada tema de xeito preciso e correcto.
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	CD,CA A,CCL	Procurar e seleccionar a información adecuada nos traballos que implican investigar un tema. Esforzarse en responder de forma precisa e argumentar as respostas.
B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo	CMCC T,CSC, CSIEE, CAA	Coñecer e respectar as normas de seguridade no laboratorio, e coidar os instrumentos e o material empregado. Realizar a tarefa práctica segundo o guión aportado. Describir as observacións resultantes.

Bioloxía e Xeoloxía 1ºESO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
interpretar os seus resultados.	experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.		
B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	CMCC T	Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo
B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	CMCC T	Recoñecer os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe algunha das súas características xerais.
B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	CMCC T	Expresar as características físicas e químicas que permitiron a orixe, desenrolo e mantemento da vida.
B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	CMCC T	Localizar a posición relativa da Terra e a Lúa, a no Sistema Solar , nun esquema dado.
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCC T	Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as estacións no norte e no Sur da Terra en diferentes momentos do ano. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	CMCC T	Describir a estrutura en capas dos materiais sólidos da Terra. Comprender a causa de la distribución de los materiais terrestres. Indicar algunha característica xeral da codia, do manto e do núcleo.
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciais. BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	CMCC T,CAA, CCEC, CSC	Diferenciar mineral e rocha. Identificar as principais rochas sedimentarias, magmáticas e metamórficas, relacionando a súa orixe con as súas características de textura e estrutura. Nomear aplicacións de Interese industrial de rochas existentes en Galicia.

Bioloxía e Xeoloxía 1ºESO

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
	desertización, esgotamento de recursos, etc. BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB3.10.1. Argumenta os pros e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Rexistro de avaliación de traballo TIC
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo
Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula. BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Rexistro de avaliación de traballo cooperativo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para superar a materia é necesario obter, cando menos, unha cualificación de "suficiente" en todos e cada un dos exames que se propoñan. Isto suporá o 80% da nota final da avaliación.

Así mesmo, é necesario presentar os traballos correspondentes en cada avaliación, cos contidos e o formato acordados, e no prazo previsto. Este apartado suporá o 20% da nota de avaliación.

Deberáse ter un mínimo de 4 na nota para poder facer media.

Probas escritas		80%
Exercicios, proxectos, traballos, prácticas e informes de prácticas, lecturas ...		20%

Axustes na avaliación: Ata un máximo de 2 PUNTOS

Restará nota:

- Non realizar as tarefas diarias requeridas.

- Sen facer, **-0'25**

- A medio facer, **-0'10**

- Faltas de ortografía en traballos escritos ou probas obxectivas mala presentación, incoherencias, faltas de expresión, etc., **-0.15**.

Sumará nota: - traballos voluntarios, interese e participación, lecturas voluntarias...

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA.

A nota final de xuño será a media aritmética das tres avaliacións do curso, unha vez avaliados cada un dos trimestres. Considerarase, por tanto, superada a materia cando, froito da media descrita, o alumno obteña unha calificación igual ou superior a 5 puntos. A calificación da 3ª avaliación poderá ser inferior, igual ou maior á final. A incomparecencia non xustificada a un exame (oral ou escrito) é motivo de suspenso no trimestre. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame (oral ou escrito) por un motivo xustificadeo, o profesor ou profesora poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

As notas obtidas e redondearase ao enteiro superior

Revisión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, incidindo nos seguintes aspectos:

Ensinanza semipresencial : *terase en conta na nota total, as actividades editadas na aula virtual, combinadas coa ensinanza presencial*

Ensinanza non presencial: *terase en conta na nota total, as actividades editadas na aula virtual, así como as probas escritas correspondentes.*

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Seguindo os principios metodolóxicos propostos a continuación, tratarase de empregar a maior variedade posible dos modelos metodolóxicos expostos co gallo de favorecer o interese e a integración do alumnado na materia.

Buscarase lograr a inmersión do alumnado nos contidos básicos dos diferentes bloques de contidos, potenciando a sinerxia que debe establecerse no proceso de ensino-aprendizaxe entre o profesor e o propio alumnado, procurando eliminar as barreiras que podan xurdir nese proceso para acadar un ambiente óptimo de reflexión que permita implementar un sistema eficaz de diagnóstico que posibilite acadar unha proxección de futuro satisfactoria para o alumnado, aumentando a súa potencialidade como persoa.

MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
<ul style="list-style-type: none"> • Modelo discursivo/expositivo • Modelo experiencial • Obradoiros • Aprendizaxe cooperativa • Traballo por tarefas • Traballo por proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade e experimentación • Participación • Motivación • Personalización • Inclusión • Interacción • Significatividade • Funcionalidade • Globalización • Avaliación formativa 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas individuais • Agrupamento flexible • Parellas • Pequeno grupo • Gran grupo • Grupo interclase • Utilizando si é posible ferramentas tecnolóxicas. • Grupos de maneira virtual (webex,drive...)

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

- Lectura dos diferentes libros de texto. Análise de cada parágrafo diferenciando os diferentes tipos de información que contén. Elaboración de mapas conceptuais e esquemas a partir destas lecturas.
- Fomento da interpretación correcta dos exercicios de reforzo, repaso e avaliación
- Lectura e análise de textos divulgativos, de historia da ciencia e de noticias relacionadas cos contidos e obxectivos da materia. Elaboración de resúmenes e esquemas destes textos Resolución de cuestionarios sobre os mesmos
- Procura de información nos libros e en internet, orientando ao alumnado nos criterios a seguir na mesma
- Fomento da motivación para a lectura de textos por iniciativa propia do alumnado, procurando a consideración da mesma coma unha actividade prazenteira e axeitada para o tempo de lecer

FOMENTO DO USO DAS TIC

- Procura de información en internet na biblioteca ou nas aulas de informática, orientada e supervisada polo profesor.
- Utilización de recursos didácticos en formato dixital, especialmente a través de internet.
- Elaboración de traballos en formato dixital, coa finalidade de incrementar a competencia do alumnado no manexo do software necesario.
- En todos os casos promocionárase a utilización do software libre e das enciclopedias abertas e colaborativas (wikis) fronte ao software privativo e das enciclopedias pechadas.
- Este ámbito de actividades utilizarase tamén para a concienciación e adquisición de condutas responsables no tocante ao aforro de enerxía, á redución do consumo de materias primas e a súa reciclaxe, á solidariedade e aos hábitos saudábeis.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGUISTICO

- Estimularase a comunicación oral e a escrita en galego, sen ser nunca este aspecto un factor para a cualificación
- Velarase pola corrección e eficacia na expresión oral e na escrita en galego e en castelán
- Utilizaranse cando sexa necesario materiais en linguas estranxeiras, especialmente inglés, estimulando ao alumnado á súa lectura e comprensión

MATERIAIS

- Libros de texto relacionados coa disciplina e o nivel
- Laboratorio do departamento
- Materiais didácticos audiovisuais

- Aulas de informática e Biblioteca-Aula virtual-Blog científico
- Material en cadernillos didácticos feitos pola profesora.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno na aula.

Pártese da concepción global de que o profesor ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre os alumnos.

Para isto o profesor desenvolverá diferentes estratexias de ensino co obxectivo de facilitar a aprendizaxe dos alumnos en función das súas necesidades concretas. En especial ao alumnado con lagoas de aprendizaxe causadas polo confinamento do curso anterior.

Deste xeito os contidos trataranse en diferentes niveis:

- Na exposición e explicación dos temas así coma as actividades de síntese desenvolveranse os contidos básicos da unidade
- Noutras actividades cun nivel de dificultade máis elevado ampliarase o nivel dos contidos e habilidades dentro dos obxectivos xerais da materia

Realizaranse actividades de reforzo na clase para os alumnos que presenten dificultades especiais no desenvolvemento do traballo e na adquisición dos obxectivos mínimos.

Nos casos de que estas dificultades sexan máis importantes, valórase na Xunta de Avaliación a conveniencia de que o alumno asista ás clases de reforzo organizadas polo Departamento de Orientación ou de deseñar un proxecto persoal de Adaptación curricular.

Clases de apoio ao estudio nunha das dúas sesións de clase co fin de traballar a asignatura con outra metodoloxía no caso necesario.

Traballarase con actividades de reforzo a aqueles alumno/as con problemas de aprendizaxe, debido a lagoas de coñecemento do curso anterior.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES

Cara final de curso, os alumnos que non teñan superado unha avaliación poderán realizar un exame de recuperación da materia suspensa na que se comprobarán os contidos mínimos. A entrega de traballos é obrigatoria ó final de curso.

No caso dalgún tipo de dificultade particular do alumno nalgunha parte da materia esta poderá ser recuperada mediante a realización de traballos.

Os alumnos coas tres probas escritas con nota inferior a 5 suspenden o curso na convocatoria ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Presentaránse na convocatoria extraordinaria os alumnos/as con algunha avaliación suspensa. Para poder superar o curso será preciso obter unha nota mínima de 5 na proba escrita

RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Será mediante a realización de dúas probas parciais ao longo do curso e unha proba final de toda a materia en maio, a máis dunha proba extraordinaria en setembro.

Actividades de repaso

As actividades de repaso consistirán na realización dos exercicios de cada unidade e traballos de repaso nalgúns dos temas.

Estes exercicios serán revisados e polo profesor que imparte estas materias, ou polo xefe de departamento, en función da dispoñibilidade dun ou doutro. O apoio do profesorado concrétase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades. Oportunamente convocarase as reunións co alumnado para entregar traballos e resolver dúbidas, así como para fixar as datas das probas. Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou e que quedan fixados na presente programación. Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou e que están recollidos na presente programación.

Avaliación

A avaliación basearase fundamentalmente na cualificación das probas escritas establecidas.

Tamén se terá en conta a realización con puntualidade dos exercicios de repaso e máis o interese e acerto nos mesmos a máis a valoración dos traballos de repaso propostos.

Os criterios de avaliación e os contidos mínimos serán os mesmos que se indican na programación xeral da materia.

Establecéndose un 5 para poder aprobar a materia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Fomentárase a participación do alumnado nos proxectos que están a desenvolverse no centro e relacionados cos obxectivos e contidos da materia.

Os alumnos participarán nas actividades de tipo saídas e visitas que se consideren de interese segundo as ofertas e posibilidades do centro e do alumnado.

Ditas saídas serán ao aire libre se as condicións da pandemia e o alumnado o permite, Así como se valorará a evolución da pandemia para a realización de ditas saídas.

Saídas Proxecto Ríos.

Olimpiada Xeoloxía

Itinerario mediambiental ao entorno cercano para o seu estudo.(O Courel (1 noite).Ou Parque Natural de Corrubedo.

Visita ao Domus(se o protocolo o permite)-Laboratorio aberto.

Saída ao entorno para traballos de investigación sobre o plastic presente nas nosa costa.

CULTURA CIENTÍFICA 4º ESO

Introdución

Tanto a ciencia como a tecnoloxía son alicerces do benestar das nacións, e ambas son necesarias para que un país poida afrontar os novos retos e atopar solucións para eles.

O desenvolvemento social, económico e tecnolóxico dun país, a súa posición nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado, así como o benestar da cidadanía na sociedade da información e do coñecemento, dependen directamente da súa formación intelectual e, entre outros factores, da súa cultura científica.

Que a ciencia forma parte do acervo cultural da humanidade é innegable; de feito, calquera cultura pasada apoiou os seus avances e logros nos coñecementos científicos que se ían adquirindo e que se debían ao esforzo e á creatividade humana. A materia denominada Cultura Científica debe, daquela, contribuír á adquisición desta dimensión da competencia en conciencia e expresión cultural.

Individualmente considerada, a ciencia é unha das grandes construcións teóricas da humanidade; o seu coñecemento forma o individuo, proporciónalle capacidade de análise e de procura da verdade. Na vida diaria estamos en continuo contacto con situacións de carácter científico que nos afectan directamente, situacións que a cidadanía do século XXI debe ser capaz de entender e de valorar criticamente.

Repetidas veces, os medios de comunicación informan sobre cuestións científicas e tecnolóxicas de actualidade. A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado avalíe enunciados relacionados con estas cuestións e tome decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crezas e das opinións. En definitiva, trátase de que os cidadáns e as cidadás sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Un dos aspectos básicos da competencia científica é a capacidade de utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas. A materia de Cultura Científica debe contribuír a isto, a través dunha metodoloxía que enfrente o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real e mediante o diálogo entre iguais. O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, xa que logo, formar parte do desenvolvemento curricular na aula.

Partindo do enfoque competencial do currículo, a materia de Cultura Científica servirá para o desenvolvemento das competencias lingüística e dixital, a través da realización de tarefas grupais que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións, defender as opinións propias en debates e outras situacións de aula.

A materia tamén contribuír á desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, e de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través dunha metodoloxía que promova situacións de aula que fomenten a responsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe, a avaliación e a autoavaliación, a autocrítica e a promoción da iniciativa do alumnado para que sexa o protagonista do proceso.

Outra razón do interese da materia de Cultura Científica é a importancia do coñecemento e da utilización do método científico, útil non só no ámbito da investigación, senón en xeral en todas as disciplinas e actividades. Ademais, o fomento de vocacións científicas é outra das dimensións ás que esta materia debe contribuír.

Por tanto, requírese que a sociedade adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos; é dicir, conseguir a alfabetización científica da cidadanía. Por iso, esta materia vincúlase tanto á etapa de ESO como á de bacharelato.

No cuarto curso de ESO, a materia de Cultura Científica establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.

Para primeiro de bacharelato déixanse cuestións algo máis complexas, como a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e, para rematar, un bloque dedicado a todo o relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Tanto en cuarto de ESO como en primeiro de bacharelato, no bloque 1 establécense os procedementos de traballo para abordar os contidos dos outros bloques de coñecemento. Para lograr a adquisición das competencias, deben formar parte do desenvolvemento curricular a obtención e a selección crítica de información de carácter científico; a valoración da importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida diaria; a comunicación de información de carácter científico nos soportes escrito, oral e virtual; o diálogo e o debate entre iguais sobre os temas científico tecnolóxicos; o traballo cooperativo e colaborativo. Trátase, pois, ademais de adquirir coñecementos científico tecnolóxicos, de contribuír á capacidade de avaliar de xeito crítico e comunicar eficazmente cuestións de carácter científico e tecnolóxico. Por tanto, as estratexias fundamentais dos procedementos de traballo deben impregnar o resto de bloques de coñecemento, formando parte indivisible á hora de abordar cuestións relacionadas coa cultura científica.

Os bloques de contidos que se abordan en Cultura Científica de 4º de ESO son os seguintes:

- Bloque 1. Procedementos de traballo.Divulgación científica
- Bloque 2. O Universo
- Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais
- Bloque 4. Calidade de vida ,xestión sostenible do planeta
- Bloque 5. Saúde e enfermidade.
- Bloque 6. A humanidade e o uso dos novos materiais

• **Secuenciación e temporalización**

- 1º Trimestre :Bloques 1 e 2- 2ºTrimestre : 3-4- 3ºTrimestre :5 e 6.

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procedementos de traballo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos.	científicos da actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ l ▪ ñ 	▪ B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.	▪ B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o 	▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos.	▪ B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
Bloque 2. O Universo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	▪ B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica.	▪ B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo. ▪ CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT
Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais				
<ul style="list-style-type: none"> a e f g h m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b h m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC

Cultura Científica. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	protección ambiental.	dos recursos que proporciona a Terra.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			actuais.	
Bloque 4. Calidade de vida				
▪ m	▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	▪ B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas.	▪ CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).	▪ CMCCT
▪ c ▪ m	▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. ▪ B4.3. Uso responsable dos medicamentos máis comúns.	▪ B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns, e valorar e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	▪ CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos.	▪ CMCCT
			▪ CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas.	▪ CCL
			▪ CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos.	▪ CMCCT
			▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función.	▪ CMCCT
			▪ CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día.	▪ CCL
▪ f ▪ l	▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	▪ B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doenza que se fixo ao longo da historia.	▪ CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas.	▪ CCEC

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	da historia.	historia.	doenzas.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos. 	▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas. 	▪ CMCCT
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer as principais características do cancro, a diabeite, as doenzas cardiovasculares, as doenzas mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabeite, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais. 	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doenza. 	▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo. 	▪ CMCCT
▪ m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios e que prioricen os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.). 	▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa. 	▪ CMCCT
Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais				

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusións sobre aspectos relacionados cos materiais e a súa influencia no desenvolvemento da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo. ▪ B5.3. Residuos como recurso: reducir, reutilizar e reciclar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos. A nanotecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e a electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construción e a medicina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Contidos Mínimos	C clave	Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación
Analizar textos científicos y valorar de forma crítica su contenido	CAA,CCL,CD,CAA	<p>CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.</p> <p>CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.</p>	B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.
Analizar la importancia de la investigación científica en la sociedad	CAA,CCEC	CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.
Exponer trabajos de investigación argumentando los resultados	CCL,CD,CAA,CSIEE	CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.	B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.
Diferenciar entre teorías científicas sobre el origen del Universo, Sistema Solar, Tierra, vida...y creencias u opiniones no científicas	CMCCT	CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.	B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.
Teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.	CMCCT	<p>CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.</p> <p>CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.</p>	B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do BigBang.

B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e os planetas.	<p>CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.</p> <p>CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea.</p> <p>CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.</p>	CMCCT	Organización do Universo
B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características.	CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.	CMCCT	
B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.	CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.	CMCCT	Fases da evolución das estrelas
B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar.	CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.	CMCCT	Formación do Sistema Solar.
B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas.	CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida.	CAA,CMCCT	
B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.	<p>CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias.</p> <p>CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.</p>	CMCCT,CCL,CAA,CSIEE	Principais problemas ambientais

<p>B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra.</p>	<p>CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais.</p>	<p>CSC</p>	<p>Xestión sustentable dos recursos da terra</p>
<p>B3.3. Valorar as graves implicacións sociais,</p>	<p>CCIB3.3.1. Recoñece os efectos</p>	<p>CSIEE,CMCCT,CD,CSC</p>	<p>Efectos do cambio climático</p>

B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.	CAA,CCL,CD,CAA	Analizar textos científicos y valorar de forma crítica su contenido
tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos.	do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.		Impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade
B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións.	CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.	CCL,CSIEE	Interpretar gráficas e extraer conclusións
B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.	CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.	CSC,	Fontes de enerxía, renovables e non renovables.
B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc.	CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético. CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.	CMCCT,CSC	O hidróxeno como futuro vector enerxético.
B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas.	CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).	CMCCT	Definición da saúde (OMS)
B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns,	CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos.	CMCCT,CCL	Doenzas máis frecuentes, microorganismos causantes e

<p>e valorar e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.</p>	<p>CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas. CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día.</p>		<p>mecanismos de defensa</p>
<p>B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doenza que se fixo ao longo da historia.</p>	<p>CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas.</p>	<p>CCEC,CMCCT</p>	<p>Importancia da penicilina Vacinas</p>

B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.	CAA,CCL,CD,CAA	Analizar textos científicos y valorar de forma crítica su contenido
	CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos. CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas.		
B4.4. Coñecer as principais características do cancro, a diabeite, as doenzas cardiovasculares, as doenzas mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas.	CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabeite, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais. CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doenza.	CMCCT,CSC	Principais características do cancro, a diabeite, as doenzas cardiovasculares, e as doenzas mentais
B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas.	CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo.	CMCCT	Problema social e humano do consumo de drogas
B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios e que prioricen os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables.	CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.). CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa.	CSC,CMCCT	Estilos de vida saudables
B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusións sobre aspectos relacionados cos materiais e a súa influencia no	CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que	CCEC,CSC	Novos materiais

desenvolvemento da humanidade.	<p>permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas.</p> <p>CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico.</p>		
B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e ambientais.	<p>CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe.</p> <p>CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos.</p> <p>CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos.</p> <p>CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais.</p>	CSC,CMCCT	Repercusións sociais e ambientais da obtención de materias primas
B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e a electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construción e a medicina.	<p>CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos.</p>	CD,CCEC	Aplicacións dos novos materiais

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Bloque	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo realizaci
Bloque 1. Procedementos de traballo	b,e,f,g,h,m	B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos.	Analiza noticias de ciencia	3
Bloque 1. Procedementos de traballo	a,f,l,o	B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.	Lectura compartida.	2
Bloque 1. Procedementos de traballo	a,b,e,f,g,h,p	B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos.	Elaboración de informes das noticias seleccionadas comparando distintas fontes..	2
Bloque 2.O Universo	a,e,f	B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica.	Investigación cooperativa sobre aportacións de determinados científicos. Actividades conceptuais .	2
Bloque 2.O Universo	f	B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	Realización de esquema do Universo resumen resumen	4
Bloque 2.O Universo	f	B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura.	Montaxe mural con definicións a escala, características	3
Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais	a,b,e,f,g,h,m	B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.	Artículo¿Con cuantos humanos puede cargar la Tierra?	2
Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais	a,d,g,h,m	B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións.	Fai unha lista de problemas ambientais e estudia cada un.	4
Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais	b,e,m	B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións.	Saída a planta de reciclaxe do entorno.	2
Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais	f,m	B3.4. Xestión enerxética sustentable.	Redacta un texto cos principios fundamentais do desenvolvemento sostible. Exposición oral	4
Bloque 4. Calidade de vida	f,k,l	B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	Investigación traballo cooperative sobre aportacións de determinados científicos	3
Bloque 4. Calidade de vida	c,f,m	B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. B4.3. Uso responsable dos medicamentos máis comúns.	Realización de esquema de investigación. Uso de gráficas referentes a enfermidades Actividades sobre o mal uso dos antibióticos	5
Bloque 4. Calidade de vida	a,m	B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados.	Campaña de concienciación no Centro escolar.	5
Bloque 4. Calidade de vida	k	B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable.	Texto sobre a obesidade infantil e extracción de conclusións,análise de gráficas e datos.	2
Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais	e,g,l,o	B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización,	Nomea e describe os principais materiais que empleou o ser humano Escribe a historia dalgun obxeto.	2

		deslocalización e desenvolvemento sustentable.		
Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais	f,m	B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo. B5.3. Residuos como recurso: reducir, reutilizar e reciclar.	O conflict do coltán studio e investigación. Visita a minas próximas. Realización de traballo cooperativo para o studio de distintos materiais.	4
Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais	f,l	B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos. A nanotecnoloxía.	Texto nanoconclusiones.	3

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación ten como finalidade o diagnóstico do aprendizaxe do alumno, así como de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Actúa como un elemento que permite o axuste do proceso á realidade escolar e con elo mellorar a calidade do mesmo.

A avaliación será continua e integrada no proceso educativo. Para levala a cabo se terán en conta todo tipo de actividades do proceso: sesións teóricas, exercicios, probas escritas, lecturas, exposicións orais, proxección de vídeos, prácticas de laboratorio, traballos, proxectos, actividades de ampliación, saídas de campo, obradoiros e conferencias, multimedia, etc. Na valoración da situación do alumno determinaranse aspectos como: coñecementos mínimos, capacidade de síntese, capacidade interpretativa de fenómenos, exposición de ideas, información recollida, elaboración adecuada do informe de prácticas, actitude científica e crítica, interese e motivación, aplicación de conceptos, hábitos de respecto pola natureza e as persoas, corrección dós fallos, emprego dun vocabulario científico adecuado.

O proceso se iniciará coa avaliación dos coñecementos previos do alumno en cada tema, (cuestionarios de ideas previas, preguntas orais...), logo, ao longo do mesmo mediante varias actividades das mencionadas anteriormente e, ó final do tema ou de varios temas, actividades adecuadas para coñecer o grao de consecución dos obxectivos aplicando os criterios de avaliación correspondentes, probas escritas, traballos e tarefas indicadoras do logro de competencias .

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de
CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.	Avaliación traballo cooperativo(usando as ferramentas tecnolóxicas)
CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	Avaliación traballo cooperativo.
CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.	Rexistro avaliación traballo escrito.
CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.	Rexistro avaliación traballo escrito.
CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como	Rexistro avaliación

<p>explicación á orixe do Universo. CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.</p>	<p>traballo escrito Probas escrita</p>
<p>CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar. CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea. CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.</p>	<p>Rexistro avaliación traballo escrito Proba escrita</p>
<p>CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo Proba escrita</p>
<p>CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo Proba escrita</p>
<p>CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo. Proba escrita</p>
<p>CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo</p>
<p>CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.</p>	<p>Rexistro traballos escritos</p>
<p>CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais.</p>	<p>Rexistro traballos escritos</p>
<p>CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.</p>	<p>Rexistro traballos escritos Actitude das saídas realizadas Rexistro traballo cooperativo</p>

<p>CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.</p>	<p>Probas orais e de comunicación</p>
<p>CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.</p>	<p>Rexistro traballo escrito.</p>
<p>CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético. CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.</p>	<p>Probas orais</p>
<p>CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).</p>	<p>Rexistro traballos escritos.</p>
<p>CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos. CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas. CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día.</p>	<p>Probas escritas. Rexistro traballo cooperativo Probas orais</p>
<p>CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas. CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita</p>	

<p>CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.</p>	<p>Rexistro traballos escritos Rexistro traballo cooperative Probas orais</p>
<p>contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos. CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas.</p>	<p>Proba escrita</p>
<p>CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabete, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais. CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doenza.</p>	<p>Proba escrita</p>
<p>CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo</p>
<p>CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.). CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa.</p>	<p>Avaliación traballo cooperativo</p>
<p>CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas . CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico.</p>	<p>Rexistro traballo escrito</p>
<p>CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe. CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos. CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión</p>	<p>Proba escrita</p>

sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos. CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais.	
CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos.	Rexistro traballo escrito

O traballo cooperativo será realizado utilizando as ferramentas tecnolóxicas ao noso alcance (drive, aula virtual, webex..)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para superar a materia é necesario obter, cando menos, unha cualificación de "suficiente" en todos e cada un dos exames que se propoñan. Isto suporá o **50%** da nota final da avaliación. No caso de que o alumnado traballe de xeito responsable, existe a posibilidade dunha avaliación sin exames, avaliando soamente os traballos feitos ao longo dos distintos trimestres. Adaptando de forma equitativa cada porcentaxe ao traballo en cuestión.

Así mesmo, é necesario presentar os traballos correspondentes en cada avaliación, cos contidos e o formato acordados, e no prazo previsto. Este apartado suporá o **50%** da nota de avaliación.

Axustes na avaliación: Ata un máximo de 2 PUNTOS

Restará nota:

- Non realizar as tarefas diarias requeridas.

- Sen facer, -0'25

- A medio facer, -0'10

- Faltas de ortografía en traballos escritos ou probas obxectivas mala presentación, incoherencias, faltas de expresión, etc., -0.15.

Sumará nota:

- traballos voluntarios, interese e participación, lecturas voluntarias...

Ensinanza semipresencial: terase en conta na nota total, as actividades editadas na aula virtual.

Ensinanza non presencial: terase en conta na nota total, as actividades editadas na aula virtual, así como as probas escritas correspondentes

.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Seguindo os principios metodolóxicos propostos a continuación, tratarase de empregar a maior variedade posible dos modelos metodolóxicos expostos co gallo de favorecer o interese e a integración do alumnado na materia.

Buscarase lograr a inmersión do alumnado nos contidos básicos dos diferentes bloques de contidos, potenciando a sinerxia que debe establecerse no proceso de ensino-aprendizaxe entre o profesor e o propio alumnado, procurando eliminar as barreiras que podan xurdir nese proceso para acadar un ambiente óptimo de reflexión que permita implementar un sistema eficaz de diagnóstico que posibilite acadar unha proxección de futuro satisfactoria para o alumnado, aumentando a súa potencialidade como persoa.

MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
<ul style="list-style-type: none">Modelo discursivo/expositivoModelo experiencialObradoirosAprendizaxe cooperativaTraballo por tarefasTraballo por proxectos	<ul style="list-style-type: none">Actividade e experimentaciónParticipaciónMotivaciónPersonalizaciónInclusiónInteracciónSignificatividadeFuncionalidadeGlobalizaciónAvaliación formativa	<ul style="list-style-type: none">Tarefas individuaisAgrupamento flexibleParellasPequeno grupoGran grupoGrupo interclaseUtilizandoas ferramentas tecnolóxicas ao noso alcance.

FOMENTO DA LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

- Lectura dos diferentes libros de texto. Análise de cada parágrafo diferenciando os diferentes tipos de información que contén. Elaboración de mapas conceptuais e esquemas a partir destas lecturas.
- Fomento da interpretación correcta dos exercicios de reforzo, repaso e avaliación
- Lectura e análise de textos divulgativos, de historia da ciencia e de noticias relacionadas cos contidos e obxectivos da materia. Elaboración de resúmenes e esquemas destes textos Resolución de cuestionarios sobre os mesmos
- Procura de información nos libros e en internet, orientando ao alumnado nos criterios a seguir na mesma
- Fomento da motivación para a lectura de textos por iniciativa propia do alumnado, procurando a consideración da mesma coma unha actividade prazenteira e axeitada para o tempo de lecer

USO DAS TIC

- Procura de información en internet na biblioteca ou nas aulas de informática, orientada e supervisada polo profesor.
- Utilización de recursos didácticos en formato dixital, especialmente a través de internet.
- Elaboración de traballos en formato dixital, coa finalidade de incrementar a competencia do alumnado no manexo do software necesario.
- En todos os casos promocionarase a utilización do software libre e das enciclopedias abertas e colaborativas (wikis) fronte ao software privativo e das enciclopedias pechadas.
- Este ámbito de actividades utilizarase tamén para a concienciación e adquisición de condutas responsables no tocante ao aforro de enerxía, á redución do consumo de materias primas e a súa reciclaxe, á solidariedade e aos hábitos saudábeis.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGUISTICO

- Estimularase a comunicación oral e a escrita en galego, sen ser nunca este aspecto un factor para a cualificación
- Velarase pola corrección e eficacia na expresión oral e na escrita en galego e en castelán
- Utilizaranse cando sexa necesario materiais en linguas estranxeiras, especialmente inglés, estimulando ao alumnado á súa lectura e comprensión.

MATERIAIS

- Libros de texto relacionados coa disciplina e o nivel
- Laboratorio do departamento
- Materiais didácticos audiovisuais
- Aulas de informática e Biblioteca

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno na aula.

Pártese da concepción global de que o profesor ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre os alumnos.

Para isto o profesor desenvolverá diferentes estratexias de ensino co obxectivo de facilitar a aprendizaxe dos alumnos en función das súas necesidades concretas.

Deste xeito os contidos trataranse en diferentes niveis:

- Na exposición e explicación dos temas así coma as actividades de síntese desenvolveranse os contidos básicos da unidade
- Noutras actividades cun nivel de dificultade máis elevado ampliarase o nivel dos contidos e habilidades dentro dos obxectivos xerais da materia

Realizaranse actividades de reforzo na clase para os alumnos que presenten dificultades especiais no desenvolvemento do traballo e na adquisición dos obxectivos mínimos.

Nos casos de que estas dificultades sexan máis importantes, valórase na Xunta de Avaliación a conveniencia de que o alumno asista ás clases de reforzo organizadas polo Departamento de Orientación ou de deseñar un proxecto persoal de Adaptación Curricular.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES

Cara final de curso, os alumnos que non teñan superado unha avaliación poderán realizar un exame de recuperación da materia suspensa na que se comprobarán os contidos mínimos. A entrega de traballos é obrigatoria ó final de curso.

No caso dalgún tipo de dificultade particular do alumno nalgunha parte da materia esta poderá ser recuperada mediante a realización de traballos.

Os alumnos que a final de curso teñan unha ou máis avaliacións suspensas quedarán pendentes para o exame extraordinario.

RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Será mediante a realización de dúas probas parciais ao longo do curso e unha proba final de toda a materia en maio.

Actividades de repaso

As actividades de repaso consistirán na realización dos exercicios de cada unidade e traballos de repaso nalgúns dos temas.

Estes exercicios serán revisados e polo profesor que imparte estas materias, ou polo xefe de departamento, en función da dispoñibilidade dun ou doutro. O apoio do profesorado concéntrase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades. Oportunamente convocarase as reunións co alumnado para entregar traballos e resolver dúbidas, así como para fixar as datas das probas. Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou e que quedan fixados na presente programación. Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou e que están recollidos na presente programación.

Avaliación

A avaliación basearase fundamentalmente na cualificación das probas escritas establecidas.

Tamén se terá en conta a realización con puntualidade dos exercicios de repaso e máis o interese e acerto nos mesmos a máis a valoración dos traballos de repaso propostos.

Os criterios de avaliación e os contidos mínimos serán os mesmos que se indican na programación xeral da materia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Fomentarase a participación do alumnado nos proxectos que están a desenvolverse no centro e relacionados cos obxectivos e contidos da materia.

Os alumnos participarán nas actividades de tipo saídas e visitas que se consideren de interese segundo as ofertas e posibilidades do centro e do alumnado. Ademais terase en conta de maneira primordial as condicións e avaliación da pandemia para a realización de actividades, fomentando as saídas ao aire libre.

Visita a un Parque natural (o Courel ou Corrubedo)

Saídas Proxecto Ríos.

Itinerario mediambiental ao entorno cercano para o seu estudo.

Visita a Museos(Domus) correspondentes ou planta de reciclaxe de Lousame,charlas divulgativas ou saída ao cine.

Saídas para a realización de traballos de investigación que se poidan facer estudando os residuos na nosa costa

ACCÍONS DE EDUCACIÓN EN VALORES

Os temas transversais deben impregna-la actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Algunhas destes temas trátanse con actividades específicas nas sesións de titoría. Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos: a Educación ambiental, a Educación para a saúde, a Educación sexual, a Educación do consumidor e a Educación para a igualdade de oportunidades entre os dous sexos.

Educación ambiental.

Ten como obxectivos:

- Comprender os efectos das actividades humanas no medio ambiente.
- Adquirir coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio natural global que propicie actitudes de respecto e coidado do medio.
- O alumno deberá adquirir e valorar tanto os compoñentes inertes da paisaxe, como as rochas ou os minerais, coma os factores físicos e químicos dos ecosistemas e os compoñentes vivos.

Mediante o estudo de casos concretos, o uso de vídeos, fotografías, lectura de textos etc. ilustraranse os diversos impactos ambientais que está a causar o home coas súas actividades. Así a minería, o transporte, a industria o ocio etc irá sendo criticamente valoradas tanto nos aspectos de utilidade para ó home como nos de alteración do medio.

Educación sexual.

Trátase como contido propio na materia de bioloxía impartida na ESO. Os obxectivos son:

- Adquirir información suficiente e cientificamente sólida sobre estes aspectos: anatomía e fisioloxía de ambos sexos; maduración sexual; reprodución humana; prevención de embarazos; enfermidades venéreas e de transmisión sexual, etc.
- Consolidar unha serie de actitudes básicas: autodominio en función de criterios e conviccións; naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade; criterios de prioridade en casos de conflito entre exercicio da sexualidade e risco sanitario; hábitos de hixiene; etc.
- Proporcionar criterios para elaborar xuízos morais sobre os delitos sexuais, a prostitución, a utilización do sexo na publicidade, a pornografía, a reprodución asistida, etc.
- Estes coñecementos serán propostos de forma graduada e así no segundo ciclo de ESO trataranse ás informacións sobre a conduta sexual, as técnicas de control da natalidade, a reprodución asistida, etc. Todos estes aspectos serán abordados desde os coñecementos aportados pola ciencia.

Educación para a saúde.

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e ambiental. Presenta dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas e curalas.
- Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, relación sen medo co persoal sanitario, etc.

O coñecemento da anatomía humana e a introdución do estudio dos procesos fisiolóxicos máis importantes trátase de forma específica en 3º ESO. Tamén o estudio da saúde e da enfermidade , as causas das enfermidades e exemplos das enfermidades mais frecuentes. En varios temas de tódalas áreas e materias estudadas abordarase o problema do uso das drogas e dos efectos que producen no organismo. Este estudio é un bo punto de partida para que os alumnos e alumnas, nun momento do seu desenvolvemento en que se está afianzando a súa personalidade, formen unha opinión e reforcen unha actitude adecuada sobre as drogas.

Educación moral e cívica.

Pretende o desenvolvemento moral da persoa e educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo nas seguintes direccións:

- Desenvolve-lo xuízo moral atendendo á intención, fins, medios e efectos dos nosos actos.
- Desenvolver actitudes de respecto cara ós demais.
- Fomenta-lo coñecemento e a valoración doutras culturas.
- Coñecer e exercer-las formas de participación cívica, o principio de legalidade e os dereitos e deberes constitucionais.
- Exercita-lo civismo e a democracia na aula

Educación para a paz.

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persegue estes obxectivos prácticos:

- Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os dous sexos

A educación para a igualdade preséntase expresamente pola necesidade de crear desde a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- Desenvolve-la autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios

Preséntase á muller en situacións de igualdade respecto ó home, tanto no ámbito do traballo científico coma noutros cotiáns. Por outra parte, utilízase unha linguaxe coeducativa en todo momento, e tanto as imaxes coma os textos excluirán calquera discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como base para realizar unha Educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non só ó contorno científico, senón a tódolos aspectos da vida cotiá.

Educación vial.

Propón dous obxectivos fundamentais:

- Desenvolver xuízos morais sobre a responsabilidade humana nos accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir condutas e hábitos de seguridade viaria como peóns e como usuarios de vehículos.

Educación para o consumidor

Desde o punto de vista da Bioloxía e Xeoloxía, a educación para o consumidor está estreitamente relacionada cos contidos da Educación ambiental. Aspectos relativos ó uso responsable dos recursos naturais, tales como a auga, as materias primas, as fontes de enerxía, etc., e a crítica da presión consumista que agrede á natureza acelerando o uso dos recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable, implican a ámbolos temas transversais.

Outros contidos da Educación do consumidor, coma a elección dos alimentos adecuados, a lectura dos compoñentes dos alimentos preparados, a verificación de que se cumpren as normas e recomendacións de conservación e manipulación dos alimentos, e a comprobación da data de caducidade, son aspectos que entran no campo da Educación para a saúde.

Presenta, entre outros, estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas de consumo e os efectos individuais, sociais, económicos e ambientais.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así coma dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Contribución ao plan de convivencia do centro

Presentar actitudes adecuadas ao traballo de clase como poden ser a puntualidade, atención, participación, e respecto as persoas e as normas será un dos mínimos esixibles en todas as materias impartidas polo departamento. En todo momento buscarase un ambiente propicio ao estudo académico polo que se non se dan estas condicións empregaranse os recursos dispoñibles no centro: mediación en conflitos, utilización da aula de convivencia, aplicación do regulamento de réxime interno. Estas accións requirirán en moitos casos a participación dos pais, tutores, profesores de garda, xefe de estudos e outros membros da comunidade educativa.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Nas reunión de departamento imos analizar os seguintes apartados que nos permitirán valorar esta programación e mais a nosa práctica docente:

- avaliaremos a temporalización dos estándares, cuestión moi difícil de planificar antes de coñecer o alumnado.
- valoraremos as actividades de aprendizaxe que desenvolvemos no día a día e das que poderemos tirar conclusións sobre se contribuíron ou non á comprensión do estándar que queremos traballar, e, en caso negativo, buscar de cara ao futuro outras actividades que melloren esta comprensión.
- o rendemento académico regular dos alumnos: se un 50 % dos alumnos non acadan os estándares fixados estudarase a mellor forma de afrontar dita situación (cambio na metodoloxía empregada polo docente, cambio da secuenciación dos contidos, actividades de recuperación ou calquera outra medida que o departamento considere oportuna).
- se os resultados son menos satisfactorios do esperable, revisaremos a adecuación dos criterios de avaliación e cualificación.

Con frecuencia os docentes non somos quen de facer unha avaliación obxectiva do noso traballo. Avaliar a nosa programación vainos permitir mellorar a nosa práctica docente o vindeiro curso. Deste xeito, o alumnado cubrirá esta enquisa con indicadores de logro; ademais acompañamos unha “proposta de mellora”:

Docente:	Curso e grupo:
----------	----------------

	Puntos fortes da programación	Puntos fracos da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación				
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				
Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Pertinencia dos instrumentos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave				
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa				

Dinámica do grupo				
Participación en actividades extraescolares e complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Favorecemento da multidisciplinariade				
Favorecemento do tratamento integrado de linguas				
Aspectos	que	o	docente	debe mellorar:

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente.

Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do

alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Lousame 20 Setembro 2021

**Xefe de Departamento
Lucía García Méndez**

